

## A FORMACIÓN DO PROFESORADO GALEGO: A XUNTA PARA AMPLIACIÓN DE ESTUDIOS E AS VIAXES A EUROPA (1907-1936)

*Anxo Serafín PORTO UCHA*

No Symposium sobre Prácticas Escolares celebrado en Poio (Pontevedra) do 21 ó 23 de setembro de 1987, organizado polo Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago, o profesor del Pozo Pardo presentaba unha ponencia sobre o pasado, presente e futuro das prácticas de ensinanza, onde analizaba o proceso histórico de desenvolvemento das "prácticas" nas Escolas Normais (1). Dentro deste contexto, foron importantes as accións levadas a cabo pola Xunta para Ampliación de Estudos (1907-1936), que, sen participar directamente nos programas de prácticas, e aínda cun enfoque de búsqueda da fundamentación científica de pedagogía, contribuíu grandemente á propia formación práctica do profesorado, poñéndoo en contacto coa pedagogía europea daquel momento. Neste breve estudo ímonos referir á participación do profesorado galego, especialmente a aquel máis vinculado á escola primaria, no período sinalado.

### AS ACCIÓNS DA XUNTA. PENSIÓNS CONCEDIDAS PARA GALICIA

En 1907, coa fundación da Xunta para Ampliación de Estudos (J.A.E.), iníciase a que se ven chamando "terceira época" da Institución Libre de Enseñanza, institución esta nada en 1876 ó redor de Giner dos Ríos e doutros seguidores do krausismo. A Xunta, como organismo que xa era do Estado, respondía ó sentido de intercambios con Europa propugnado pola ILE e botaba abaixo barreiras de receo e de ignorancia baseadas noseudopatriotismo combatido polos rexeneracionistas. A idea clave dos promotores da Xunta era que a reforma cultural debía comezar pola formación do profesorado e forma-lo profesorado de tódolos centros de educación era algo que non podía facerse dende dentro do noso país, xa que isto perpetuaría o círculo vicioso. A palabra europeizar significaba para Giner dos Ríos, que se formasen integralmente no ambiente europeo, o trouxesen e o difundisen, facéndoo asimilable para o pobo (2). O traballo condensábase en dous puntos principais: provocar unha corrente de comunicación científica e pedagóxica co estranxeiro e agrupar en núcleos de traballo intenso e desinteresado os elementos disponibles no país (3).

A actividade máis chamativa da Xunta foi o envío de pensionados ó estranxeiro. Convocábanse pensións tódolos anos, intentando manter unha certa proporcionalidade entre as distintas materias. O total aproximado de pensións solicitadas foi de 9.200 ata 1936, concedéndose unhas 1.700, o que supón unha relación aproximada de dúas concedidas por cada dez solicitadas, sendo as materias máis becaadas a pedagogía (19%), medicina (18,5%), ciencias físico-naturais (17%), arte (10,5%) e dereito (10%) (4). Respecto á procedencia dos solicitantes, tratábase, polo xeral, de varóns nados e/ou concentrados en núcleos urbanos de importancia, inclinados á docencia e á medicina, á pedagogía e ó dereito, con uso de idioma francés e en menor grado do alemán.

Respecto a Galicia, un rastreo efectuado consultando as Memorias publicadas pola propia Xunta ata 1934 (as Memorias dos dous últimos anos de actuación non foron publicadas, debido á chegada da Guerra Civil), permítenos contabilizar (aparte das pensión en grupo, delegacións a Congresos científicos, etc.) 70 pensións individuais concedidas a persoas galegas ou que desempeñaban tarefas profesionais en Galicia (Universidade, Institutos, etc.), número considerable se se teñen en conta os rigurosos criterios de selección dos pensionados e o masivo número de solicitudes. Particularmente pensamos que a presenza dos galegos Eduardo Vincenti (xenro de Montero Ríos), Menéndez Pidal (vinculado á cidade de A Coruña), Casares Gil e Rodríguez Carracido (con fortes conexións con Santiago), todos eles pertencentes ó conxunto dos 22 membros da Xunta, así como a figura do mecenas Xoán López Suárez (Xan de Forcados), médico lucense nado en O Saviñao (1884-1970) e casado con Mariana, irmá do Secretario perpetuo da Xunta, Xosé Castillejo (López Suárez tivo moito que ver tamén coa creación da Misión Biolóxica de Galicia e a súa ubicación en Salcedo-Pontevedra (5)), favoreceron estas accións.

Nos cadros seguintes pode observarse a clasificación das pensións concedidas para Galicia por temas de estudo e procedencia dos pensionados (6). Ocupa o primeiro lugar medicina, debido tal vez á tradición desta Facultade na Universidade compostelana. Síguenlle as relacionadas co campo da Pedagogía e o ensino primario, e outras como arte, dereito, ciencias, etc.

<b>CADRO I</b>	<b>TOTAL (1907-1934)</b>
Dereito	6
Medicina, Hixiene, Química e Veterinaria	20
Ciencias Naturais, Exactas e Físicas	6
Agricultura	4
Belas Artes e Artes Industriais	9
Filosofía e Psicoloxía	2
Historia e Xeografía	4
Pedagogía e Ensino Primario	11
Filoloxía e Literatura	4
Comercio	1
Varios	3

<b>CADRO II</b>	
Universidade	27
Instituto	19
Ensino Primario (Inspección, Maxisterio e Normais)	14
Escolas Industriais	3
<b>TOTAIS</b>	<b>70</b>

## **ANÁLISE DALGUNHAS FIGURAS SENLLEIRAS DA ESCOLA GALEGA**

Entre os galegos becados debemos salienta-la figura de Xoan Vicente Viqueira López, sobriño de Carmen López Cortón e, polo tanto, de Manuel B. Cossío. Despois de licenciarse en Filosofía na Universidade de Madrid, en 1911, Viqueira é pensionado a Francia, Inglaterra e Alemania, onde traballa cos profesores Müller, Husserl, Katz, Merkel, Rieche, Wundt, etc. En 1917 é nomeado catedrático do Instituto Xeral e Técnico de Santiago, para ser trasladado en novembro do mesmo ano ó Instituto de A Coruña (7). De acordo coas Memorias da Xunta (8), ademais doutras viaxes anteriores, según RR. OO. de 24 de xaneiro e do 18 de agosto de 1914, concédenselle once meses e vinte días, disfrutando oito para estudar Psicoloxía en Alemania e Inglaterra. En Gottinga traballou no Laboratorio de Psicoloxía do profesor G. E. Müller. Asistiu ó curso de Filosofía do profesor Husserl, ós exercicios de Psicoloxía de Katz, ó curso de Anatomía de Merkel e ó de Física de Reicke. Presentou os seguintes traballos: "Estudio sobre Psicología actual en Alemania", "El concepto de la sensación y la psicofísica", "La Psicología del sonido", "Los problemas de la Psicología", "Las sensaciones visuales" e "Legalización y reconocimiento simple". En Leipzig, Viqueira, xunto con outros pensionados, aprendería técnicas de experimentación, organización de seminarios pedagóxicos, psicoloxía da infancia e adolescencia, psicoloxía pedagóxica, instrumentos de medida para orientación profesional, etc.

Figura destacable entre os pensionados pola Xunta foi Castelao, becado primeiro en 1920 e logo en 1928 e 1929 (9). Na Memoria de 1920 figura como profesor auxiliar de Debuxo do Instituto de Pontevedra. Sen embargo, nunha investigación máis ampla que estamos levando a cabo no Arquivo da Escola Normal de Pontevedra, descubrímolos tamén como profesor de Debuxo en primeiro e segundo curso, na Escola Normal Superior de Mestras da cidade do Lérez no ano académico 1917-18 (10). É de xusticia dicir aquí que as facilidades e acollemento por parte da Dirección da Escola Universitaria de Maxisterio de Pontevedra favorecéronnos este descubrimento.

Según unha R.O. do 30/9/1920, concedéuselle a Castelao unha beca para Francia, Bélxica, Alemania e Inglaterra para estudar aguaforte, litografía e grabado. Concedido e disfrutado, nove meses. Visitou os Museos de París, Bruselas, Gante, Bruxas, Amberes, Berlín e Munich. Acudiu ás Exposicións individuais e colectivas abertas nas ditas poblazóns. Estudiu as razóns do Cubismo e o Orfismo en París, así como o Expresionismo en Alemania. Aprendeu a técnica do grabado en madeira en Munich. En xeral, interesouse por tódalas manifestacións modernas da arte para adquirir unha orientación nova.

Mediante RR. OO. de 13/8/1928 e 24/1/1929, a Castelao fóronlle concedidas outras becas e disfrutou de catro meses para visita-los Cruceiros de Bretaña, en Francia. O pensio-

ESCUELA NORMAL SUPERIOR DE MAESTRAS DE PONTEVEDRA

ENSEÑANZA OFICIAL

CURSO DE 1917 A 1918

ASIGNATURA DE Dibujo - 1º curso

Acta de los exámenes verificados en el día de la fecha ante la Profesora que la firma.

Número de orden	APELLIDOS	NOMBRES	CALIFICACIONES
1	Sae Martín	Inés	Notable
2	Samachina Laz	Matilde	Aprobado
3	Alonso Casado	Regencia	Notable
4	Rodríguez Santos	Perera	Notable
5	Olano Cancelo	León	Notable
6	Ferreira Martínez	Leopoldina	Sobresaliente
7	Fernandez Sapeira	M <sup>te</sup> del Ramo	Sobresaliente
8	Gutiérrez Soto	María	Sobresaliente
9	Amil Soto	Paula	Sobresaliente
10	Martínez Peral	León	Sobresaliente
11	Rial Martín	M <sup>te</sup> de la Dolores	Aprobado
12	González Alvará	León	Sobresaliente
13	Rodríguez Rodríguez	Inés	Notable
14	Molina Rodríguez	M <sup>te</sup> de la Dolores	Notable
15	Molina Mahor	Inés	Aprobado
16	Rodríguez Escudé	María	Notable
17	Miqueu Morcillo	Inés	Notable
18	Infal Dancamán	Marjanita	Aprobado
19	Abrescol Quintán	León	Notable
20	Rodríguez Torra	M <sup>te</sup> de la Dolores	Notable
21	Lorenzo Cancelo	M <sup>te</sup> de la Dolores	Sobresaliente
22	Pineiro Apronon	Matilde	Notable
23	Quintana Morales	Leopoldina	Sobresaliente
24	Costa Gal	Sulpia	Aprobado
25	Quintana Gal	Alma	Aprobado
26	Pineiro Cascollar	León	Notable
27	Morales Ben	M <sup>te</sup> de la Dolores	Notable
28	Caamaño Fernández	Dolores	Aprobado
29	Pouso Guiso	Victoria	Notable
30	González Osorio	León	Notable
31	Rodríguez Osorio	Concepción	Aprobado
32	Ochoa Giral	M <sup>te</sup> Inés	Notable
33	Casas Cortes	Marjanita	Sobresaliente
34	Ferreira Gervás	M <sup>te</sup> Inés	Sobresaliente
35	Ferreira Gervás	Manuela	Sobresaliente
36	Pereira de la Fuente	León	Aprobado
37	López Gómez	M <sup>te</sup> de la Dolores	Notable
38	Costa Thallá	Gertrudis	Sobresaliente
39	Maguiera Láz	León	Sobresaliente
40	Bellido Pico	M <sup>te</sup> de la Dolores	Sobresaliente
41	Ortizola Meijide	Manuela	Sobresaliente
42	Rodríguez Lázaro	León	Sobresaliente
43	Portela Cobas	León	Notable
44	Martín y Martínez de Torres	Concepción	Notable
45	Pared Quintán	América	Notable
46	Porteira Flor	Adela	Sobresaliente
47	León Cortés	Marjanita	Sobresaliente
48	Barrero Vázquez	León	Sobresaliente

Pontevedra, 21 de mayo de 1918  
Alfonso R. Castiella

ARQUIVO DA ESCOLA NORMAL DE PONTEVEDRA:  
Carpeta "Actas de Examen desde el año 1919 a 1924" (sen clasificar). Castiella foi profesor de Debuxo en primeiro e segundo curso, na Escola Normal Superior de Mestras de Pontevedra, no ano académico 1917-18.

ESCUELA NORMAL SUPERIOR DE MAESTRAS DE PONTEVEDRA

ENSEÑANZA OFICIAL

CURSO DE 1917 A 1918

ASIGNATURA DE Dibujo - 2º curso

Acta de los exámenes verificados en el día de la fecha ante la Profesora que la firma.

Número de orden	APELLIDOS	NOMBRES	CALIFICACIONES
	González Arca	M <sup>te</sup> de la Ampela	Sobresaliente
	Ramos Gordon	Percequina	Notable
	Rodríguez Rodríguez	Estea	Sobresaliente
	Río González	M <sup>te</sup> Blanca Aurora	Notable
	Balthaz Heria	Frene	Sobresaliente
	Cabrera Giron	Victoria	Sobresaliente
	Soto Adam	Marina	Sobresaliente
	Masqueiroa Lis	Rodulfa	Sobresaliente
	Barral Fernandez	Elvira	Sobresaliente
	Varola Miguez	Marina de Riba	Sobresaliente
	Pineiro y Pineiro	Benita Hortensia	Notable
	Roy Parin	M <sup>te</sup> Teresa	Sobresaliente
	Lopez Sanchez	Elvira	Sobresaliente
	Argibay Martinez	Adelina	Notable
	Rodríguez Caamaño	M <sup>te</sup> de los Dolores	Sobresaliente
	Rodríguez Caamaño	Enifa	Sobresaliente
	Buzallo Caamaño	M <sup>te</sup> Lucía	Sobresaliente
	Linares Pein	Flora	Notable
	Guillan Abalo	Matilde	Notable
	González Iglesias	Carmen	Notable
	Otero Batalla	Marina	Notable
	Rodríguez Silva	M <sup>te</sup> Elena	Sobresaliente
	Lamela Garcia	Cristeta	Sobresaliente
	Martinez Hiscar	M <sup>te</sup> de la Paz	Notable
	Pinto Vidal	Hermisima	Notable
	Pontevedra, 21 de mayo de 1918		
	Alfonso R. Castelas		
	ARQUIVO DA ESCOLA NORMAL DE PONTEVEDRA: Carpeta "Actas de Examen desde el año 1919 a 1924" (sen clasificar)		

nado comezou os seus traballos en Quimper, por ser Fisterra o Departamento de Bretaña máis rico en cruces de pedra. Facendo centro en Quimper, visitou Fouessant e Benodet, Pon-L'Abbé, Penmarc'h, Douarnenez, Locronan, Audierne e Chateualin, deténdose en cada un destes puntos o tempo necesario para recorrer-los seus arredores e visita-los cruceiros dos que tiña noticias. Máis tarde, fixo centro de excursións en Morlaix e en Saint-Pol-de-León, dende onde saiu a recorrer todo o norte de Fisterra, ata chegar a Brest. Dende esta última cidade volveu cara Morlaix, indo moi lentamente pola comarca denominada "País dos Calvarios", e facendo centro en Landerneau e en Landivisian. No Departamento de Fisterre, o pensionado visitou tódolos calvarios importantes (Tronoën, Quimilian, St. Thégonnec, Plougastel, Pleyben, Comfort, Saint Venec, Quillinen, etc.). Viu a maioría das cruces antigas que existen no país de León, así como os menhires cristianizados máis interesantes e multitude de cruceiros semellantes ós que se ven por toda Galicia. De Carhaix, saiu cara Guingamp e logo, Treguiez, Paimpl e Lannien, percorrendo dende estes centros todo o territorio do antigo bispado de Treguiez, onde os cruceiros se achan en número abrumador para quen ten o intento de coñecerlos todos. Despois, dirixiuse a Saint-Brieuc e, máis tarde, a Portivy, dende onde emprendeu o retorno, pasando por Vannes e terminando en Nantes. Segundo a Memoria (11), pode dicirse, en resumen, que recorreu toda a Baixa Bretaña, visitando os cruceiros dos que tiña noticia polo seu valor e obtendo de todos eles, así como doutros menos afamados e descoñecidos, fotografías, debuxos e datos útiles para redacta-la Memoria que presentou á Xunta.

Xunto con Viqueira e Castelao, Vicente Risco foi un dos tres grandes pedagogos galegos (12), moi vinculado tamén á Normal de Pontevedra. Según consta no Libro de Actas de Alumnos do período 1910-1913, examinouse nesta Escola de estudos non oficiais no curso 1912-13, acadando as seguintes calificacións:

<b>1º CURSO SUPERIOR</b>	
Relixión e Moral	Notable
Estudios Superiores de Pedagogía	Notable
Caligrafía	Notable
Música	Aprobado
Prácticas	Aprobado

<b>2º CURSO SUPERIOR</b>	
Historia da Pedagogía	Sobresaliente
Música	Aprobado
Prácticas	Aprobado
Debuxo de Adorno	Aprobado

O tribunal estaba presidido por Prudencio Landín, e con Xosé Durán, Crisanto Soto, Xosé María Rodríguez (secretario), Lucas Gallego, Antonio Arango, Agustín Salvador e Máximo Nebreda Ortega como vocais. Ademais de face-los cursos para mestre superior "dun golpe", xa con anterioridade, según consta no Libro de Reválidas Elementais, recibira co número 9, na convocatoria dos días 16 e 17 de xuño de 1913, as seguintes calificacións:

Escrito	Sobresaliente
Oral	Sobresaliente
Prácticas	Sobresaliente
DEFINITIVO	Sobresaliente

De 1913 a 1916, Risco estudou en Madrid, na Escola Superior de Maxisterio, sendo alumno de Ortega e Gasset, onde tomou contactos con xente da ILE. Cando acada a beca, según R.O. do 12/3/1930, figura como licenciado en Dereito e profesor da Escola Normal de Ourense (13). Concédenselle catro meses para ir a Alemania a estudar etnografía e folclore. Traballou na "Staatsbibliothek", seleccionando numerosas notas bibliográficas de especial interés para o estudio do folclore no noso país, recollidas coa axuda do Anuario bibliográfico publicado polo profesor Hoffmann-Krayer, de Basilea. Estudiu tamén no "Museum für Volkerkunde" as coleccións conservadas, tomando numerosas notas e debuxos. Na "Sammlung für Deutsche Volkskunde" fixo un estudio do material coleccionado, principalmente o referente a devocións e supersticións populares, instrumental agrícola e industrial, iluminación e lume e modelos de construción rural. Utilizou así mesmo a bibliografía de Sammlung, coñecendo nela numerosas publicacións especiais de carácter rexional e algunhas obras xerais como a *Vergleichende Volksmedizin*, de Hoorka, e o *Hannörterbuch deutschen Aberglaubens*, de Hoffmann-Krayer. Igualmente visitou o "Atlas der deutsche Volkskunde", onde estudiu a organización e funcionamento deste importantísimo traballo, no que colaboraron as 155 sociedades folclóricas federadas no "Verband Deutscher Vereine für Volkskunde". Visitou, ademais, o "Museum für Volkerkunde" en Munich. As incidencias da viaxe de Vicente Risco quedarían rexistradas nas crónicas que co título "Da Alemaña", primeiro, e "Mitteleuropa", despois, iría enviando a Nós dende xullo daquel ano para seren recollidas en parte máis tarde no volumen *Mitteleuropa. Impresións d'unha viaxe*, impreso en Santiago en 1934. C. Casares en *Vicente Risco* (Galaxia, 1981) recolle estes feitos.

No campo do ensino primario, foille concedida unha pensión de dous meses e medio a María Barbeito e Cerviño, directora da Escola Nacional graduada de nenas da Guarda (A Coruña), según O. M. do 6/7/1934, para visitar Francia, Bélxica e Suiza, co fin de estudar pedagogía. María Barbeito era un dos dez primeiros inspectores-mestres nomeados o 27 de abril de 1933 nun curso restrinxido, todos eles mestres de grande prestixio na zona onde estaba enclavada a súa escola. En 1935, emprendeu un amplo percorrido patrocinado pola Xunta polas escolas de Francia, Bélxica, Holanda, Suiza e Italia. Froito desta viaxe sería a serie de conferencia dirixidas ós mestres da súa zona de inspección; o contido destas charlas aparecería posteriormente na súa obra *Países y Escuelas*.

Aunque non galego, debemos facer mención a Xoán Comas Camps, Inspector de primeiro ensino en Lugo, pensionado por RR. OO. de 7/8/1928, 24/1/1929 e 8/4/1929, disfrutando dunha pensión de oito meses e vinte días en Suiza, no Instituto Rousseau. Matriculado como alumno oficial no Instituto de Ciencias da Educación en Xinebra durante dous semestres do curso 1928-29, asistiu ós cursos, experiencias e traballos prácticos de Pedagogía Experimental, Psicoloxía Experimental, Orientación Profesional, Organización Escolar, Didáctica Pedagóxica (especialmente no que afectaba ás modernas concepcións da Nova Educación e Escola Activa), Educación pola Paz (un termo hoxe moi de moda) e Formación profesional do maxisterio, baixo a dirección dos profesores Bovet, Piaget, Claparède

de, Walther, Mme. Entippoff e Dottrens, todos eles verdadeiramente especializados nas cuestións indicadas. Como resultado da súa actividade, Comas Camps obtivo ó final dos dous meses o Certificado de Estudios do Instituto de Ciencias da Educación. Matriculado, ademais, como alumno oficial na Universidade de Xinebra, asistiu ós cursos de Pedagogía de M. Malche e M. Dubois, así como tamén, durante cinco horas semanais, ós traballos teóricos e de laboratorio de Antropoloxía con M. Pittard. Producto destas experiencias, sería a ampla laboura desenrolada por Comas Camps no eido do ensino primario durante a IIª República.

Da Inspección de Lugo irían tamén, dentro dunha pensión en grupo, o Inspector Xacinto Ruiz Santiago, durante o curso 1924-25, Xosé del Peso Sevillano, que estivo en Suíza cunha pensión de seis meses, según R.O. do 21/9/1925, estudiando a organización e funcionamento do Instituto J.J. Rousseau e a súa influencia na ensinanza primaria Suíza, traballando con Claparède e Lippmann na confección de tests e na aplicación dos de M. Simón e Binet.

A preocupación pola formación do maxisterio primario estivo tamén dentro dos plans da Xunta. Nesta liña debemos sinalar a Emilio Sotelo Rey, mestre de Bueu (Pontevedra), pensionado en grupo por R.O. de 1/6/1911, dentro dun grupo de mestres para facer unha excursión de tres meses a Francia e Bélxica con obxecto de estudar a organización e funcionamento das escolas e colonias escolares (14). A viaxe levouse a cabo nos meses de xullo e agosto, comezando o estudio en Burdeos, pasando logo a París e finalmente a Bélxica. Sotelo Rey visitou 38 escolas maternas, elementais, superiores e especiais; 5 escolas técnicas, 5 normais, 5 colonias escolares de vacacións, 3 clases de verán, 25 Museos de Arte e Pedagogía, 4 Exposicións xerais e escolares, 2 bibliotecas e 12 institucións diversas. Entre estas institucións, en Burdeos a Normal de Auteuil, a Escola Superior de Mestres de Saint-Cloud, a Escola Superior de Arago e o Conservatorio de Artes e Oficios. En Bruselas, a Escola Normal de Mestres, a Exposición Escolar de Ixelles e de Scaerbeck, o Instituto de anormais de Decroly, asistindo tamén ó Congreso Internacional de Paidoloxía. En Bruxas, a Escola Normal de Mestras.

Durante a viaxe, Sotelo Rey mandou á Xunta unhas "Notas sobre la Instrucción Pública", relativas ós países visitados (15). Producto das súas experiencias na devandita viaxe, publicaría máis tarde, co informe favorable do Consello de Instrucción Pública e un prólogo de E. Vincenti, a obra *Por la Europa Pedagógica* (La Coruña, Zincke Hermanos, 1913), declarada de utilidade para servir de lectura nas escolas públicas. Neste senso, non debemos esquecer o papel desempregado por Vincenti na Xunta. En calidade de "equiparado a pensión", el mesmo asistiu ós Congresos Internacionais de Educación Popular e Familiar de Bruselas en 1910, según R.O. do 22/7/1910, presentando unha Memoria titulada "La educación popular" (16).

Ademais de Sotelo Rey, participaron tamén Marcelino Pedreira Fernández mestre de A Coruña (17) e, entre os cursos celebrados en Madrid, de dez semanas, un ó que concurre Daniel Rodríguez Rubín, mestre de Mourente (Pontevedra) (18). As ensinanzas comprenderon conferencias de cultura pedagóxica, clases de ciencias, leccións de xeografía e historia, hixiene escolar, relixión, idioma e debuxo, historia da arte, organización escolar e práctica de ensinanza na escola. Estiveron ó cargo de profesores do Museo Pedagógico Nacional, Normais, Institutos e Centros dependentes da Xunta. O curso foi dirixido por Lois de Zulueta, da Escola de Estudios Superiores de Maxisterio, auxiliado por Anxel Lorca, das Escolas na-

cionais de Madrid. Durante a estancia en Madrid, foron aloxados na célebre Residencia de Estudiantes, vivindo un ambiente favorable e estimulante.

Según unha R.O. do 26/7/1921, organizouse un grupo de mestres e inspectores de primeiro ensino, que habería de visitar durante dous meses os establecementos escolares de Francia. Entre os mestres, figura Lois Cereijo León, de Boiro (A Coruña) (19). Por unha R.O. de 31/10/1922, tamén o mestre nacional da Escola de Santa Cristina (Ourense) (o profesor X.M. Cid Fernández, do Colexio Universitario de Ourense, ten na súa Tese Doutoral moi interesantes datos sobre a derivación da Xunta nesta parte de Galicia), Florencio García Ojeda, desempeñou durante un ano a praza de repetidor de español na Escola Normal de Mestres de Carcassonne (Francia) (20).

Nos campos artístico e pedagóxico destacan as becas de Pura Lago Couceiro (R.O. de 17/11/1916 e prórroga por R.O. de 3/8/1917) para estudar piano en Francia (21) e a de Rexina Lago García, profesora da Escola Normal de Mestras de Lugo, becada por R. O. de 22/10/1929, cunha beca de nove meses para realizar estudos pedagóxicos en Suiza. A lista podería extenderse a outros nomes de profesores que traballaban en Instituto. No de Ourense, Eloi Luis André, catedrático de Filosofía, Antonio Gaité Lloves, de Física e Xulio Sánchez Lucena de Idiomas; no de A Coruña, Francisco Bautista Díaz, profesor auxiliar da sección de Ciencias, e Gonzalo Brañas Fernández, catedrático; no de Ferrol, Concepción Francés Piña, profesora de francés, M<sup>a</sup> do Carmo Martínez Sánchez, catedrática; no de Santiago, Federico Gómez Llucca, profesor de Historia Natural e Lois Iglesias Iglesias, catedrático tamén de Historia Natural; no de Vigo, Lois Crespí Jaume, catedrático de Agricultura, Anxel Pariente Herrejón, catedrático de Lingua, Filiberto Durán Troncoso, profesor de Educación Física e Lois Gil Vicario, profesor de Debuxo; no de Lugo, Xosé Lois Asián Peña, catedrático de Xeografía e Historia; en Pontevedra, Xosé Fernando Filgueira Valverde, Bibiano Fernández Osorio Tafall, etc., etc.

Moitas outras figuras da Universidade (Nova Santos, Gil Casares, Casares Gil, Varela Gil, Rey Baltar, Parga Pondal, Pérez Bustamente, Baltar Domínguez, etc.) e outras relacionadas coa cultura galega (Fermín Bouza Brey, Xesús Carro García, Rafael Dieste...) deben ser recordadas. O estudo destas figuras pode dar luz sobre a influencia das accións derivadas da Xunta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas no chan galego ata a súa disolución coa chegada da contenda civil en 1936. Rodríguez de Lecea (22) di que todo o mundo cultural e científico creado pola Xunta se tambaleou e derruiu despois da guerra civil; que xa nada volveu a selo mesmo. Pero que quizais por iso é posible facer hoxe unha valoración de conxunto da súa actividade.

## NOTAS

- (1) POZO PARDO, A. del (1987): "Pasado, presente y futuro en las prácticas de enseñanza", en *La formación práctica de los profesores*. Vol. I. Actas del Symposium sobre Prácticas Escolares celebradas en Poio (Pontevedra). Tórculo, Santiago, pp. 54-119.
- (2) Vid. GÓMEZ MOLLEDA, D. (1981): *Los reformadores de la España contemporánea*. C.S.I.C., Madrid, p. 462.
- (3) Vid. JUNTA PARA AMPLIACIÓN DE ESTUDIOS (en adiante, J.A.E.) (1908): *Memoria correspondiente al año 1907*. Madrid, p. 4.
- (4) Datos tomados de A. RUIZ MIGUEL (1980): "Junta para Ampliación de Estudios", en *Historia*,

- 16,49, p. 90. Pola súa parte, Teresa MARIN ECED en "Los becados de la Junta para Ampliación de Estudios y la pedagogía alemana", en *Revista de Educación*, 280 (1986), 115, di que máis de 2.000 españois viaxaron os principais centros europeos.
- (5) Vid. PORTO UCHA, A.S. (1988): "El institucionalismo en Galicia. Aproximación al esquema organizativo de la Misión Biológica de Galicia en su primera época (1921-1936)", en *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, 5, pp. 89-99:
  - (6) Os cadros I e II foron feitos tomando como base as Memorias publicadas pola Xunta. Cfr. PORTO UCHA, A.S. (1986): *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. Edición do Castro, Sada - A Coruña, pp. 298 e ss.
  - (7) Vid. PORTO UCHA, A.S. (1987): "Institucionalismo e galeguismo en Xoan Vicente Viqueira", en *Grial*, 98, pp. 499-503.
  - (8) Vid. J.A.E. (1914): *Memoria... 1912 y 1913*, p. 156. Tamén *Memoria... 1914 y 1915*, p. 111.
  - (9) Vid. PORTO UCHA, A. S. (1987): "Castelao, bolseiro da "Junta para Ampliación de Estudios", en *O Ensino*, 18-22, pp. 127-138.
  - (10) Vid. ARQUIVO DA ESCOLA NORMAL DE PONTEVEDRA. Legajo "Actas de Examen desde el año 1919 a 1924" (sen clasificar).
  - (11) J.A.E. (1930): *Memoria... 1928-29 y 1929-30*, pp. 82-83.
  - (12) Vid. PAZ RODRÍGUEZ, J. (1987): "Viqueira, Castelo e Risco, tres grandes pedagogos galegos", en *O Ensino*, 18-22, pp. 127-138.
  - (13) J.A. E. (1930): *Memoria... 1928-29 y 1919-30*, pp. 74-75.
  - (14) J.A.E. (1912): *Memoria... 1910 y 1911*, pp. 100-102.
  - (15) J.A.E.: *Anales*, t. XII, p. 398.
  - (16) J.A.E. (1912): *Memoria... 1910 y 1911*, p. 111
  - (17) J.A.E.: "Excursiones pedagógicas al extranjero", en *Anales*, t. XII, p. 182.
  - (18) J.A.E. (1916): *Memoria... 1914 y 1915*, p. 252.
  - (19) J.A.E. (1922): *Memoria... 1921 y 1922*, p. 81.
  - (20) J.A.E. (1925): *Memoria... 1922-23 y 1923-24*, p. 104.
  - (21) J.A.E. (1918): *Memorias... 1916-17*, p. 57 e 1918 y 1919, p. 67.
  - (22) RODRIGUEZ DE LECEA, T. (1987): "La Junta para Ampliación de Estudios en la actualidad", en *Arbor*, 499-500, p. 166.